

A Unión Mediterránea tralo Cumio de París: nova estratexia?

Bichara Khader

Introdución

A idea dunha Unión Mediterránea (UM) foi evocada, por vez primeira, por Nicolás Sarkozy, durante un discurso electoral na localidade francesa de Toulon, en febreiro do 2007. Foi reiterada en varias ocasións, trala elección presidencial, e presentada como o punto clave (*clé de voûte*) da diplomacia francesa no Mediterráneo.

E, con todo, mesmo antes de que a proposición francesa cristalizase nun proxecto de contornos ben definidos, suscitou asombro, sospeita, dores de cabeza, e aínda unha feroz oposición. En verdade, o momento escollido para proclamala, e a imprecisión da idea en relación ao seu contido, os seus obxectivos, os seus vínculos coas políticas europeas activas, o seu orzamento, o seu valor engadido, a súa posta en marcha e a delimitación do espazo que debe ocupar suscitaron polémica.

Analicei máis aló (*Diplomatie*, marzo 2008 e *Política Exterior*, marzo 2008), as **xustificacións francesas** do proxecto e as diferentes reaccións que emanan dos medios oficiais e intelectuais. Tratei con especial coidado a **oposición das Institucións europeas** e dos grandes Estados da UE non ribeiráns do Mediterráneo. Deste xeito, intuín as posibles dificultades que tería o presidente Sarkozy para unha aceptación de tal proxecto polos seus pares europeos. Máis dun ano despois da evocación da UM, é imperativo recoñecer que este proxecto, presentado nun principio como unha iniciativa francesa, foi posto patas para arriba ata o punto en que se converteu en “descafeinado” e resulta case irrecoñecible.

As **primeiras correccións** foron achegadas no Relatorio da Comisión Parlamentar, presentado á Presidencia Nacional da Asemblea Francesa (decembro de 2007). En resposta ás virulentas reaccións da Unión Europea e de Turquía, o Relatorio propón manter un vínculo coa Unión Europea, apostando mesmo pola creación dunha Carta de Colaboración entre a UM e a UE, suxerindo así que a UE e a Liga Árabe sexan “membros de dereito” da UM e aconsellando a desconexión entre o proxecto da UM e a proposta de adhesión de Turquía.

Este último punto está presente no **Chamamento de Roma**, asinado no 20 de decembro de 2007 polo presidente francés, Nicolás Sarkozy, o presidente do Consello italiano, Romano Prodi, e o primeiro ministro español, José Luís Rodríguez Zapatero. De feito, a raíz da insistencia deste último, a Unión Mediterránea convértese na **Unión para o Mediterráneo**. Non resulta algo anódino, pois esta lixeira modificación semántica elimina unha ambigüidade: **non se trata dun proxecto de**

Unión, senón dunha Unión de proxectos. Feito isto, os asinantes do Chamamento de Roma buscan acougar as Institucións Europeas e presentar o proxecto como un “**complemento**” doutros procesos de cooperación e diálogo, sendo a finalidade “**darlle un impulso suplementar**”. O Chamamento de Roma deixou de falar do “fracaso do Proceso de Barcelona”, co fin de non danar a UE, e subliña mesmo que o **Proceso de Barcelona e a Política de Veciñanza son os “dispositivos centrais”**. En definitiva, o Chamamento de Roma transforma a Unión para o Mediterráneo nunha **iniciativa tripartita** de Francia, Italia e España.

Estas inflexións non evitaron as sospeitas e susceptibilidades dos Estados europeos non ribeiráns do Mediterráneo, particularmente Alemaña, que se considera que, en efecto, é triplamente mediterránea: polo seu **constante apoio** ás políticas mediterráneas da UE, polo feito de que é o **principal colaborador comercial** dos países do sur –mediterráneos, e pola **presenza no seu chan de entre 3 e 4 millóns de inmigrantes** de orixe mediterránea, principalmente turcos. Ademais, Ánxela Merkel votou tamén contra o proxecto, de modo que os intelectuais e analistas comezaron a presentir unha verdadeira crise franco-alemá. Para desactivaren unha crise que podía pór en perigo as relacións entre os dous Estados –que constitúen os alicerces da UE–, o presidente francés acudiu a Hannover no 2 de marzo de 2008 para poder así explicar persoalmente o proxecto á chanceler alemá, terminando, no entanto, por aceptar todo aquilo ao que Francia sempre se opuxera; a saber, unha **Unión para o Mediterráneo ampliada a todos os países da UE**.

1. A Unión para o Mediterráneo no Consello Europeo (13-14 marzo 2008)

Non sería desatinado pensar, despois das violentas negociacións franco-alemás, que o proxecto de Unión Mediterránea figuraría nun bo lugar nas Conclusións da Presidencia do Consello Europeo do 13-14 de marzo de 2008. E estariamos no certo: o proxecto non soamente ocupa o Anexo 1 e comporta 5 liñas, senón que, ademais, está presentado baixo unha nova nomenclatura: **Proceso de Barcelona: Unión para o Mediterráneo**. Velaquí, *in extenso*, o parágrafo que lle foi consagrado:

“O Consello Europeo aprobou o principio dunha Unión para o Mediterráneo que englobará os Estados membros da UE e os Estados ribeiráns do Mediterráneo que non son membros da UE. Invitouse a Comisión á presentación no Consello das propostas necesarias para definir as modalidades do que chamaremos «O Proceso de Barcelona: Unión para o Mediterráneo» en vista do cumio que terá lugar en París, no 13 de xullo de 2008”.

Deste xeito, a UE tivo a última palabra: a Unión para o Mediterráneo non será máis que un “relance” do Proceso de Barcelona”. O que se presentou como “unha gran visión” para saír dos tortuosos carreiros das políticas comunitarias “demasiado centradas no comercio”, transformouse simplemente nun “proxecto edulco-

rado”. Neste traballo intúo tamén as resistencias da UE e considero ser **“mellor estar en favor da UE que tela en contra”** para o proxecto desde a súa posta en andamento. Así mesmo, recordo o reacia que será a UE na hora de financiar un proxecto que non recibirá/aceptaría o seu aval. Despois de todo, di a sabedoría popular que **“quen paga (a orquestra), escolle (a partitura)”**

O paso dunha Unión para o Mediterráneo ao **“Proceso de Barcelona –unha Unión para o Mediterráneo”** é máis que unha simple e banal modificación semántica. Reintegra o proxecto no “seo europeo”; suscita o problema do reparto da carga financeira trala aplicación de novas Institucións; complica a toma de decisións co proxecto dunha presidencia bicéfala, dun comité permanente e dunha secretaría. Mentres que nun principio, o que se desexaba era **un marco máis lixeiro**, e xa que logo **eficaz** (países mediterráneos) que fose máis reducido que a política de Veciñanza, cos seus 43 membros, e máis enérxico que o Proceso de Barcelona, cos seus 39 membros (desde a integración de Mauritania e de Albania en 2007), velaquí un proxecto que comprende potencialmente os 27 países da UE, ao que se lle suman 10 países árabes, máis Israel, e máis 5 países do Mediterráneo oriental e do Mar Adriático; é dicir, 43 países. Polo tanto, estamos ou ben ante unha **Política de Veciñanza prima**, ou ben ante **“máis Barcelona”**, pero en calquera dos casos, sen garantías de que o “novo nacido” sexa máis vigoroso que os seus antecesores.

Probablemente **o presidente francés non podía subscribir este compromiso**, para non dirixir a UE e os seus grandes Estados contra o proxecto. Mais, trátase dunha vitoria da diplomacia francesa, como o declara o propio Sarkozy? A resposta é ambigua. Si, se consideramos que a iniciativa francesa permitiu voltar a lanzar o debate arredor do Mediterráneo. Ou Non, pois que a UE recuperou finalmente a iniciativa, apropiouna e integrouna ao Proceso de Barcelona.

2. Análise da Reunión da Comisión sobre o **“Proceso de Barcelona: Unión para o Mediterráneo”**⁽¹⁾

O Consello Europeo dos días 13 e 14 de marzo do 2008 encargara á Comisión a presentación de propostas en vista a definir as modalidades da posta en andamento daquilo que, de agora en diante, será chamado **“Proceso de Barcelona: Unión do Mediterráneo”**. A Comisión fixo público o resultado da súa Conferencia de maio do 2008. Esta funcionará como a base do debate ata a celebración do Cumio do 13 de xullo. A Conferencia corrixe as proposicións francesas iniciais tendo como fondo unha serie de cuestións, todo iso considerando tres elementos de orientación xeral da diplomacia francesa: dar un impulso político renovado ao máis alto nivel (celebración con regularidade de cumios euro-mediterráneos), unha revisión do modo de

(1) Com (2008) 319/4.

funcionamento sobre base paritaria (co-decisión e igualdade) e, para rematar, a proposta de proxectos concretos.

Agora ben, cal é o diagnóstico que fai a Comisión e como define as modalidades deste “ novo proxecto”?

a) Diagnóstico

En primeiro lugar, a Conferencia recorda a **centralidade do Proceso de Barcelona**: “*En canto cooperación dos 39 gobernos e máis de 700 millóns de habitantes, ofreceu un marco favorable a un compromiso e a un desenvolvemento constantes*”. Trátase do “*único recinto no que o conxunto dos seus colaboradores... comprométense a un diálogo construtivo*”, mesmo se, como reconece a Conferencia, “*a persistencia do conflito en Oriente Medio, no entanto, someteu a cooperación a unha dura proba*”.

A colaboración, continúa a Conferencia, permitiu o avance das reformas políticas e a democracia participativa, pero este obxectivo “*estivo temperado polos feitos mundiais e rexionais*”. Malia isto, adquiriuse unha **experiencia en absoluto desprezable**, pois a sociedade civil ocupa, a partires de agora, unha posición máis central no proceso, así como no diálogo intercultural, no que a Fundación Anna Lindt para o diálogo das culturas é a máxima expresión.

Noutro plano, a Conferencia recorda que a UE segue sendo o “**principal colaborador**” dos países mediterráneos. A liberalización progresiva supuxo un forte golpe aos intercambios e constatáronse algunhas melloras no plano macroeconómico no que atinxe aos indicadores do desenvolvemento humano. En realidade, a cuestión das exportacións agrícolas segue supondo un problema, así como a lentitude na liberalización dos servizos. En canto ao débil atractivo da rexión para os investimentos, este explícase, segundo a Comisión, por unha gobernanza económica exigua, unha insuficiencia do crecemento e a persecución do aumento demográfico. “*O efecto combinado destas lagoas suscitou a aparición dun proceso máis lento do previsto*” que non permitiu diminuír o abismo de prosperidade entre a UE e os seus colaboradores. Nesta situación, de feito, “*a falta de toma de responsabilidades de parte dos colaboradores mediterráneos é unha fonte de preocupacións compartidas*”, tal como podemos ler na Conferencia, que lamenta, no entanto, a “*ausencia de equilibrio institucional*” entre a UE e os seus colaboradores.

Mitigado este feito, a Comisión dise consciente da **falta de visibilidade** do Proceso de Barcelona e subliña a importancia dun compromiso en aumento e de novos catalizadores para “*transformar os obxectivos de Barcelona en realidades concretas*”. O momento actual acaba, pois, de insuflar un novo impulso ao Proceso de Barcelona.

Insistindo na validez do marco do Proceso de Barcelona, “*base das relacións euro-mediterráneas*”, a Comisión estima que o novo proxecto levará a unha “*cooperación multilateral*” centrada en proxectos rexionais e transnacionais, e englobará **todos os países da UE e todos os países ribeiráns**. Este novo proxecto

completará as relacións bilaterais e significará **un novo pulo para o Proceso de Barcelona**. O Cumio do 13 de xullo será un momento laureado por “unha declaración política” e a presentación dunha curta listaxe de proxectos “estrela”.

b) Un mellor reparto das responsabilidades

Sobre os aspectos institucionais, a Conferencia aproxima unha serie de precisións oportunas a un proxecto que, ata aquí, resultaba impreciso.

b.1) Co-presidencia:

Semella que esta cuestión obtén un apoio xeneralizado, xa que con ela “*augmentarase e mellorarase o equilibrio e a apropiación común da nosa cooperación*”. Esta exercerase sobre a totalidade da cooperación. Do lado europeo, a presidencia debe “*ser compatible coas disposicións que rexen a representación exterior da UE*”, o que significa que Francia poderá asumir a presidencia, do lado europeo, ata finais de 2008. Despois desta data, e *desde a entrada en vigor do Tratado de Lisboa, a presidencia, do lado europeo, será exercida polo presidente do Consello europeo e o presidente da Comisión (ao nivel dos xefes de Estado e de Goberno) e polo alto representante (a nivel dos ministros de Asuntos Exteriores)*.

Do lado dos países mediterráneos, a presidencia farase por consenso e o mandato será por dous anos.

b.2) Comité Permanente Conxunto (CPC):

Para mellorar a gobernanza xeral do proxecto, a Comisión propón un comité permanente conxunto, con sede en Bruxelas e constituído por representantes permanentes das diferentes misións concernidas presentes en Bruxelas. Este comité deberá:

- Preparar as reunións dos altos funcionarios do Comité euromediterráneo.
- Asistir aos copresidentes na preparación dos cumios.
- Servir como mecanismo de reacción inmediato.

b.3) Secretaría:

A Comisión estima que o rol da Secretaría consistirá esencialmente na formulación de propostas de iniciativas conxuntas e en asegurar o seguimento das decisións tomadas. A secretaría *poderá ter unha personalidade xurídica distinta e un status autónomo*. Estará composta de *funcionarios desvinculados dos participantes no proceso*. Será presidida por un *secretario xeral* e un *secretario xeral adxunto*. O secretario xeral designará os membros da secretaría segundo os criterios de competencia e de equilibrio xeográfico. A retribución dos funcionarios correrá a cargo das respectivas administracións. A sede da secretaría está aínda por determinar.

c) Selección de proxectos

Os proxectos seleccionados deberán favorecer a cohesión e integración rexionais e desenvolver as interconexións entre infraestruturas. Deberán, segundo a Co-

misión, constituír “*proxectos visibles e pertinentes para os cidadáns da rexión*”. Na súa selección, os seguintes elementos serán tidos en conta:

- O carácter rexional, infrarrexional e transnacional.
- O tamaño, a pertinencia e o interese.
- O desenvolvemento equilibrado e sostible, ben como a integración, a cohesión e as interconexións rexionais.
- A factibilidade financeira.
- A súa madurez para ser aplicados rapidamente.

A Comisión propón 4 proxectos que ela estima prioritarios: 1) Autoestradas do Mar, 2) Descontaminación do Mediterráneo e gobernanza medioambiental, 3) Protección civil, 4) Plano solar mediterráneo.

d) Financiamento

A Comisión anticipa que “*as prioridades fixadas no programa indicativo nacional non irán máis aló da aplicación e ningunha contribución comunitaria potencial aos novos proxectos rexionais será financiada en detrimento de dotacións orzamentarias bilaterais que proveñan do Instrumento europeo de Veciñanza e de cooperación ou do Instrumento de pre-adhesión*”.

Segundo a Comisión, é necesario atopar os medios financeiros suplementares para sufragar os novos proxectos rexionais. A UE non tomará en consideración “*certos proxectos que respondan a obxectivos de programas rexionais*”. En consecuencia, o financiamento suplementar deberá provir do sector privado, das contribucións de cooperantes mediterráneos, de institucións internacionais, da BEI e, principalmente, de SEMIC (Servizo Euromediterráneo de Investimento e de Cooperación, “*facilité euro-méditerranéenne d’investissement et de partenariat*” nas súas siglas francesas) e do servizo de investimento no marco da política de veciñanza.

3. Comentario sobre a Conferencia

Aínda que nunha reunión no Palacio do Elíseo afirmouse que as autoridades francesas aproban o diagnóstico da Comisión, non hai dúbida de que a Conferencia da Comisión levanta máis dun dilema. Facendo especial fincapé no marco de Barcelona, a Comisión baleira a iniciativa francesa da súa “forza simbólica” e redúcea a unha simple “**re-actualización do Proceso de Barcelona**”. Isto, con todo, non satisfizo os franceses, aínda que se teña feito un apoio en sentido estrito. Do mesmo xeito, mentres que nas súas orixes, a Unión Mediterránea supostamente reflectía un novo activismo francés no Mediterráneo, a Comisión reduce a ambición francesa a un simple complemento de relacións bilaterais da UE. Isto queda patente en toda a Conferencia. Así, o novo proxecto implicará a “**todos os Estados da UE e os Estados ribeiráns**”. En canto a Francia, poderá aspirar á presidencia, do lado europeo, pero só ata a entrada en vigor do Tratado de Lisboa, prevista para o primeiro de

xaneiro do 2009, a non ser que, naturalmente, o voto negativo dos irlandeses do 12 de xuño de 2008 adie a aplicación da nova arquitectura institucional prevista no Tratado Simplificado, nese caso será o país que presida o Consello Europeo quen, a partir do primeiro de xaneiro de 2009, deberá asumir a Presidencia da Unión para o Mediterráneo, do lado europeo, en prexuízo de Nicolás Sarkozy.

Sobre a cuestión do financiamento, **a UE non engadirá novos recursos aos novos proxectos, en detrimento dos seus compromisos nos programas indicativos rexionais**. En realidade, certos proxectos “respondendo aos programas rexionais da UE”, poderían tomarse en consideración. Pero a UE non irá máis aló. Ao mesmo tempo, se un proxecto se beneficia de moitos tipos de financiamento, quen vai asegurar o seu acompañamento? Seica non existe o risco que Hervé Charrette chama “*enchevêtrement des procédures*” ou complicación dos procesos⁽²⁾. Quizais debamos prestar unha maior atención a unha institución financeira. Pero as proposicións se coliden máis que completarse: unha banca de desenvolvemento para o Mediterráneo?; e Unha BEI mediterránea? Ou simples axencias de consello, de garantía e de achega de fondos propios (tal como a proposta franco-española de creación dunha axencia tal para as PME-PMU para axudarlles ao investimento na Ribeira Sur)?

En definitiva, se é preciso recorrer ao sector privado, aos fondos soberanos dos Estados do Golfo, ás contribucións dos Estados mediterráneos, á BEI e ás institucións internacionais para asegurar a base do financiamento dos proxectos seleccionados, cal será o papel da UE? Quen vai asegurar un auditor financeiro? Doutra óptica, poderíase impedir aos americanos, os chineses, os rusos e ata a outros responder as demandas de oferta?

En relación aos proxectos considerados como prioritarios pola Comisión, non abarcan todos os proxectos identificados polos conselleiros de Sarkozy, como as cuestións relativas á auga (acceso, saneamento e xestión), a seguridade do abastecemento enerxético, o transporte terrestre, a formación profesional e os intercambios universitarios, etc. Pero digamos, a favor da Comisión, que non se trata dunha listaxe exhaustiva.

No entanto, hai algo que si é claro: a Comisión está principalmente preocupada pola problemática relacionada co impedimento da división da UE. En consecuencia, volveu a revisar, desde os seus fundamentos, o proxecto inicial. **O que propón parece moi pouco á idea da UM establecida por Sarkozy**. Deste xeito, a Unión Europea, a raíz da instigación de Alemaña, tivo un éxito maxistral á hora de marcar o seu territorio. Dous días despois da publicación da Conferencia da Comisión, Juan Manuel Durão Barroso fala sen pelos na lingua: “*O Mediterráneo é, sen dúbida, a rexión máis crítica para o futuro de Europa... Francia debe xogar o xogo europeo, no que se inscribe o seu interese nacional, sen arrogancia, sen hexemonía...*”⁽³⁾.

(2) DE CHARRETTE, Hervé: *Union pour la Méditerranée : le Sud doit se faire entendre*, en Arabies, xuño 2008, páxina 4.

(3) La Croix, 22 de maio do 2008.

No que atinxe á arquitectura institucional, enténdese sen dificultade que a co-presidencia, do lado mediterráneo, fose elixida “**por consenso**”, xa que unha co-presidencia rotativa sería un quebracabezas infernal, no contexto actual de países en situación de conflito. Con todo, no caso de que Exipto ocupe a primeira co-presidencia (como se previu) onde situaríamos a Sede da Secretaría? O Parlamento Europeo estima na súa resolución do 5 de xuño de 2008 que a nova secretaria “**debería estar integrada nos servizos da Comisión e podería incluír no seu seo funcionarios soltos de todos os participantes no proceso**”. No sur, non semella que se comparta esta opinión, e algúns países do Magreb xa propuxeron a súa candidatura para acoller a sede. Se esta opción se mantén, aceptarán Tunicia, Marrocos ou Alxeria que funcionarios israelitas vaian traballar nunha secretaria instalada nun destes países magrebís? A pregunta carece aínda de resposta. Pero isto di máis que suficiente sobre os problemas que se aí veñen.

Xorde un novo problema: se integramos o proxecto de Unión para o Mediterráneo no marco de Barcelona, como tratar os países ribeiráns do Mediterráneo, invitados ao Cumio de París, pero que non son membros do Proceso de Barcelona (Croacia, Montenegro, Bosnia e Libia)? A Comisión non responde a esta pregunta. Mais o Parlamento Europeo si o fai, na súa resolución do 5 de xuño de 2008. Efectivamente, o Parlamento Europeo “**convida aos países que non fan parte do Proceso de Barcelona a alcanzaren o acervo de maneira que poidan perseguir os mesmos obxectivos**”, todo dando a seguridade de que, en calidade de ramo da autoridade orzamentaria da Unión, “**disponse a colaborar para pór en pé un marco institucional do Proceso de Barcelona-Unión para o Mediterráneo...**”. Pero, temos consultado eses países e sondado as súas intencións en canto á adopción do acervo de Barcelona?

Vemos ben que, en detrimento de precisións achegadas pola Conferencia da Comisión, moitas cuestións fican no aire, particularmente a presenza na nova estrutura de membros que non son parte no Proceso de Barcelona, o que non deixará de suscitar serios problemas institucionais e financeiros⁽⁴⁾. Pero hai unha convicción común: a acumulación dos desafíos no Mediterráneo non autoriza ningunha terxiversación. É necesario ir á cabeza. Pero o camiño non será de pétalos de rosa.

Moitas reaccións, que emanan de diversas fontes ensombreceron, é certo, o clima. Do lado europeo, algúns países consideran que o interese renovado levado ao espazo mediterráneo pode desviar a atención dos problemas do Leste europeo. É por iso que Polonia e Suecia propoñen un proxecto con vista a reforzar os lazos cos países do Leste e do Cáucaso (Ucraina, Moldavia, Xeorxia, Armenia e Acerbaixán). “*Pensamos que estes países deben facer parte da familia europea*”, declarou o ministro polaco de Asuntos Exteriores, Nikolai Douyielewich, antes de afirmar que

(4) SOLER I LECHA, Eduard: *Barcelona Process :Union for the Mediterranean*, Documento de trabajo, nº 28, Cidob, Barcelona, 2008, p28.

“En Polonia facemos... a distinción seguinte: no sur, temos veciños de Europa, no Leste temos veciños europeos... Trátase dunha grande diferenza”⁽⁵⁾.

Ao lado árabe, a **reacción libia** sorprendeu pola súa severidade. Durante a apertura do mini-cumio (países magrebinos e Siria) reunido en Trípoli o 9 de xuño de 2008, para tratar a cuestión da Unión para o Mediterráneo, o dirixente libio Muammar Gadafi emitiu unha diatriba incisiva: *“Somos países membros da Liga Árabe e tamén da Unión Africana, e non tomaremos, en ningún caso, o risco de dividir as nosas filas... É preciso que os nosos colaboradores (europeos) comprendan ben isto”*. Declarou isto antes de engadir, nun ton aldraxado *“non somos nin mortos de fame nin cans para que nos tiren ósos”⁽⁶⁾*. Non se pode ser máis taxativo. Pero non debemos cualificar precipitadamente a posición libia de “lunática”.

O que, probablemente exasperou máis ao presidente libio é a recuperación do proxecto francés pola UE, en nome da solidariedade e a cohesión, xa que, nun principio, Libia non vía con maos ollos a iniciativa francesa, pois ofrecía a Libia un “novo marco” nun perímetro limitado, o que se lle presentaba como unha dupla vantaxe: Libia non se sentía obrigada a aceptar o “acervo de Barcelona” e podía esperar xogar un papel importante nun proxecto limitado aos ribeiráns. O novo marco imponlle practicamente aceptar, como o propón o Parlamento Europeo, o acervo de Barcelona, e dilúe o seu posible papel nun espazo ampliado.

Tunicia é favorable ao proxecto e conta con acoller a sede da nova Secretaría. Esta acollida é tan entusiasta que a participación non está ligada a condición democrática ningunha. **Marrocos** di apoiar o novo proxecto, pero fundamentalmente o que interesa a este país magrebí é o Estatuto Avanzado coa Unión Europea en canto a ela (é o que obtivo na reunión de Luxemburgo do 13 de outubro de 2008). **Eixipto**, máis ben pasivo nun principio, parece máis entusiasta desde que Sarkozy tentou ao presidente Hosni Mubarak, falándolle da posibilidade de ocupar o posto de co-presidente ao lado dos países do Sur. No que di respecto a **Siria**, non ve o novo proxecto máis que como un medio para acrecentar o seu respecto internacional nun momento no que os americanos a catalogan no grupo do “eixo do mal”.

En verdade, malia as posicións oficiais expostas, hai un certo malestar en todos os países árabes que se explicaría polo asombro perante tantas iniciativas europeas e, nomeadamente, polo sentimento de que este novo proxecto, como os precedentes, vén a obrigalos a normalizar as súas relacións con Israel, antes da reconciliación. Preocupados por actuar acordes ao sentimento popular, principalmente trala evaporación do soño do Cumio de Annapolis para Oriente Próximo, celebrado en decembro de 2007, e a persecución da colonización israelí, algúns dirixentes anticipan que rexeitarán aquilo que a revista *Nouvel Observateur* cualificou de *“coreografía do Cumio que dará a impresión dunha normalización das súas relacións con*

(5) Citado polo *Courrier International*, 27 de maio de 2008.

(6) Citado por *Le Figaro*, 10 xuño de 2008, e *El País*, *El Magreb da la espalda a Sarkozy*, 12 de xuño 2006.

Israel”⁽⁷⁾. O ministro alxerino de Asuntos Exteriores, Mourad Medelci, recórdao sen reviravoltas: “*Non é a UPM quen debe levar a cabo a normalización da relacións entre Israel e os países árabes. O proceso de normalización depende dun debate completamente diferente*”.

Vindo dun ministro alxerino, o propósito pode parecer desatinado, xa que Alxeria participa desde 1995 no Proceso de Barcelona, con Israel. En realidade, o que contrariou os países árabes foi ver os medios europeos, principalmente franceses, conmemorar o 60º aniversario da creación do Estado de Israel (no mes de maio de 2008), aínda que esta creación implique, desde o punto de vista árabe, a **inexistencia palestina e a Nakba** (a catástrofe) de todo un pobo. Ademais, o **proxecto dun levantamento dos lazos entre a UE e Israel**, no corazón das discusións da Comisión mixta UE-Israel, reunida o 16 de xuño de 2008, non puido ter peores resultados. Os árabes, ben como un grande número de personalidades europeas, consideraron que o proxecto era, no mínimo, “inoportuno” en canto ao seu *timing* e enviaba unha “mensaxe errónea” en canto ao seu principio. Terían estado aínda máis frías aos ollos da Unión para o Mediterráneo do que percibía Francia, sendo esta a principal defensora das relacións reforzadas entre a UE e Israel.

Noutro nivel, unha frase sobre a resolución do Parlamento Europeo, parece espertar igualmente as súas sospeitas. En efecto, no seu artigo 8, a resolución do Parlamento, de 5 de xuño de 2008, recorda que “*o país asegurando a presidencia deberá convidar aos cumios e ás reunións ministeriais a todos os países que fagan parte do Proceso de Barcelona: Unión para o Mediterráneo*”. Preténdese con este propósito a participación de Israel.

Todo isto parece confirmar, aos ollos dalgúns países árabes, que a integración de Israel en todo o proxecto mediterráneo prevalece sobre calquera outra consideración. E o feito de que os oficiais e os medios de comunicación europeos non deixen de lembrar que Israel é “a única democracia da rexión” fronte a dirixentes árabes cualificados, en privado por algúns oficiais e en público polos medios de “lunáticos”, “estrafalarios” e “corruptos” non fai máis que agravar un profundo malentendido.

Os xornalistas e intelectuais árabes permanecen divididos en canto ao conxunto do proxecto. Sen un optimismo desbordante, nin unha adhesión franca, pero si un rexeitamento total e absoluto. Nestes medios, a participación de Israel segue suscitando un problema: “*o feito de manter un constante contacto con este país, volverao discreta e inexorablemente asiduo... e reunirse nestas condicións avalaría a política do apartheid e o colonialismo contra os palestinos*”⁽⁸⁾, tal como afirmou o profesor Chems Eddine Chitour. Outros reprochan á UE ter asignado aos países do Sur o papel ingrato de “vixiante das fronteiras”, vendo no proxecto da UPM unha

(7) Nouvel Observateur, <http://nouvelobs.com/>, 07/06/2008.

(8) Union pour la Méditerranée: Pourquoi l'Algérie doit refuser d'y adhérer?, <http://www.millebords.org/spip.php?article8652>.

estratexia sutil para cortar o camiño aos competidores chineses, rusos e americanos, ou simplemente lamentan a multiplicación de iniciativas no Mediterráneo. Mais outros estiman que é necesario, primeiramente, **promover os contactos** e non soamente **asinar contratos**, dar prioridade aos lazos máis que aos bens en xogo. Trátase de belas fórmulas, ben é certo, pero poñen de relevo unha esixencia real: **a apropiación do proxecto polas sociedades civís**. Isto significa, desde o punto de vista dalgúns intelectuais árabes, que todo proxecto euromediterráneo debe fundarse na apropiación común (real e non virtual) e no co-desenvolvemento. Iso implica o fin das políticas caducas que non contemplan os países do Sur máis que como “*auxiliares de policía, tendo por misión a protección das fontes de abastecemento de enerxía, o mantemento dun mercado cativo para os produtos acabados europeos e a vixilancia, sobre o seu territorio, de poboacións potencialmente candidatas á emigración*”⁽⁹⁾.

É tamén fundamental a preocupación de numerosos intelectuais árabes en canto á posible dilución dos principios de boa gobernanza e democracia no novo proxecto, en nome da *realpolitik* ou baixo o efecto da urxencia. Aínda, na súa visita a Tunicia, Nicolás Sarkozy marcou a pauta: “*Ninguém pode posicionarse como censor... e non vexo, en nome do proxecto, que é o que me permitiría a min lexitimarme para dar leccións*”.

Naturalmente, a ningún intelectual árabe se lle ocorrerá pedir a Europa que lle dea leccións en materia de democracia. No entanto, os intelectuais árabes democráticos desexan que, nos proxectos e nas estruturas do “Proceso de Barcelona: Unión para o Mediterráneo”, as sociedades civís, que teñen un verdadeiro enraizamento social nos seus países de orixe, estean verdadeiramente implicadas. Un proxecto que permanece relegado ao mundo das empresas, das conferencias ministeriais e ás sociedades do consello, ten probabilidades de perder credibilidade para os cidadáns e terminará, como os precedentes, sumido na indiferenza.

4. O Cumio de París para o Mediterráneo

Escribindo no xornal “Le Monde”, dous días antes da celebración do Cumio, Bernard Kouchner, ministro francés de Asuntos Exteriores, fixo súas as planificacións da UE proporcionadas á iniciativa francesa, todo iso reiterando que o proxecto de Unión aplicado polo presidente Sarkozy é unha “*grande idea, simple pero ambiciosa, audaz pero concreta*”⁽¹⁰⁾. O ministro subliña os esforzos da diplomacia francesa para acougar as queixas dos países do sur e do norte, para facer así concorrer as súas preocupacións. Naturalmente, alégrase da celebración de devandito cu-

(9) CHAFIQ MESBAH, Mohamed: *UPM, utopie ou réalité : un point de vue algérien*, en Défense Nationale et Sécurité Collective: *Union pour la Méditerranée*, Cerem, París, 2008, páxina 43.

(10) Le Monde: *L'Europe, l'avenir passé par la Méditerranée*, 11 de xullo de 2008, páxina 18.

mio, tan anhelado polo presidente francés e preparado en tan pouco tempo. “*Para que coñeza os resentimentos destes pobos enmarañados, esta reunión é xa un feito histórico*”, apuntou o alto mandatario francés.

E efectivamente, é, pero nomeadamente para a diplomacia francesa. É mes-ter recoñecer, con todo, que a diplomacia francesa estivo moi axudada por un cúmulo de circunstancias que influíron positivamente, a saber:

- O *impasse* libanés acababa de ser demolido, tralo Acordo de Doha que culminou na elección dun novo presidente (Michael Suleiman).
- Un novo goberno libanés foi formado, con tenacidade (*à l’arrachée*), tan só uns días antes do Cumio.
- Unha tregua entre Hamas e Israel negociada baixo a égida de Exipto acababa de entrar en vigor.
- Establécense negociacións entre Israel e Siria grazas á mediación turca.
- As negociacións sobre os intercambios humanitarios entre Israel e o movemento libanés Hizbulá desembocaron nun feliz desenlace.

Neste clima apracible ten lugar o Cumio de París. Con todo, tres xefes de Estado do Sur non asisten ao Cumio: o presidente libio, e os reis de Marrocos e Xordania. Non obstante, cabe apuntar que Bachar El Assad, presidente de Siria, está presente aínda que os honores que lle son feitos suscitan certa polémica. “*Este proxecto foi creado co fin de evitar os compromisos establecidos en favor dos Dereitos Humanos?*”, recorda Amnistía Internacional. “*Non é mantendo a porta pechada como facemos progresar as cousas no bo sentido*”, replica o presidente da Comisión de Asuntos Exteriores da Asemblea Nacional Francesa, Axel Poniatowski. En verdade, detrás da **rehabilitación de Siria**, débúxase unha posta estratéxica: a) inducir a Siria ao recoñecemento da plena soberanía do Líbano, con todo o que isto implica (especialmente o intercambio de embaixadores); b) incitala a tomar distancias en relación a Irán, potencia percibida como a causante dos disturbios na rexión.

No entanto, a presenza de Ehud Olmert, primeiro ministro de Israel, non suscita as mesmas reaccións de indignación. A ocupación de Cisjordania e dos Altos do Golán, a persecución da colonización, e a cuestión dos 8.500 detidos palestinos (300 deles menores) podrecendo nas prisións israelitas, non son, nin tan sequera, mencionadas, pero todos os medios de comunicación se alegran do feito de os árabes e os israelitas se sentaren á mesma mesa.

No que concirne aos europeos, os 27 países membros da UE estarán na cita, ben como o presidente da Comisión, o alto representante e o presidente do Parlamento Europeo. Alemaña estará representada pola súa chanceler, Ánxela Merkel, que terá unhas consideracións especiais sen dúbida para esquecer a crise da parella franco-alemá xurdida a raíz da Unión Mediterránea, a que, segundo un analista, “*foi a máis grave desde a unificación alemá*”⁽¹¹⁾.

(11) Hans Stark, Institut Français des Relations Internationales, citado por Libération, 12 de xullo de 2008, p4.

a) Análise da Declaración de París sobre a Unión para o Mediterráneo

A Declaración asinada polos 43 representantes (países, territorios palestinos e o Principado de Mónaco) é un **calco** da Declaración de Barcelona, adoptada en novembro de 1995.

Ela establece, en primeiro lugar, a **filosofía xeral** desta “*nova cooperación multilateral e reforzada*”. Para os asinantes, trátase principalmente dunha “*ambición estratéxica para o Mediterráneo*”, é dicir, “*un compromiso resolto en favor da paz, da democracia, da estabilidade rexional e da seguridade a través da cooperación e a integración rexional*”. Neste nivel menciónanse:

- As medidas prácticas, co fin de **prever a proliferación** nuclear e a acumulación excesiva de armas convencionais.

- As medidas que aspiran ao reforzamento da “**democracia e do pluralismo**” e ao “*pleno respecto dos dereitos do home, incluídos os dereitos económicos, sociais e culturais, civís e políticos*”. Especial atención merecen “*o reforzamento do rol das mulleres nas sociedades*”, “*o respecto ás minorías*”, e “*o diálogo cultural*”.

- O **apoio ao proceso de paz** israelo-palestina e ás negociacións entre Siria e Israel.

- A **condena do terrorismo** baixo todas as súas formas e manifestacións. Os signatarios dinse “*determinados a pór en andamento o Código de Conduta en materia de loita contra o terrorismo de modo íntegro, e a actuar sobre os factores que favorecen a propagación do terrorismo*”. Lembran, ademais, que “*rexeytan totalmente as tentativas de asociar unha relixión ou unha cultura, calquera que sexa, ao terrorismo*”.

Así, os 43 signatarios establecen unanimemente os **principios xerais** que deben guiar a súa acción colectiva:

- **Responsabilidade “mellor compartida”**.

- **Pertinencia** dos Proxectos e mellor **visibilidade**.

- **Cooperación conxunta**, fundamentada sobre o **consenso**.

- **Implicación da sociedade civil**, das autoridades rexionais, e do sector privado.

En relación aos **obxectivos principais**, a Declaración afirma que a nova cooperación “*apoiarase no acervo de Barcelona*”, todo iso subliñando que “*este momento acaba de insuflar un impulso novo e durable ao proceso de Barcelona, grazas aos “esforzos crecentes e, unha vez máis, catalizadores”, especialmente o “aumento do nivel político das relacións da UE cos seus cooperantes mediterráneos”* (copresidencia, relatorios bianuais que teñen lugar alternativamente nos países da UE e nos países MED, reforzamento do papel da Asemblea parlamentaria euro-mediterránea, contribución da Fundación Anna Lindh).

Outro obxectivo é o de facer da Unión para o Mediterráneo unha **Unión de Proxectos**. Por conseguinte, serán seleccionados, con prioridade, os proxectos susceptibles de faceren “*máis concretas e máis visibles as relacións*” UE-MED (descontaminación, autoestradas marítimas e terrestres, plano solar, universidade euro-mediterránea, desenvolvemento das empresas).

b) Comentario da Declaración de París

A Declaración de París retoma os principios xa enunciados e as proposicións feitas na Comunicación da Comisión de maio de 2008. Existe un esforzo en sinalar calquera achega ou correctivo proveniente do Sur. Quizais así poderíamos desvelar unha pequena pista na evocación “*dereitos económicos, sociais, culturais, civís e políticos*”, na disociación entre “*relixión e terrorismo*” na “*facilitación da inmigración regular*”.

O Cumio de París non fai máis que unha enumeración de proxectos, pero son os ministros de Asuntos Exteriores quen se encargarán de operar unha primeira selección durante a súa reunión, prevista antes do fin da Presidencia Francesa (novembro de 2008). Son eles quen deberán así resolver as cuestións espiñentas, vinculándose coa arquitectura institucional, especialmente no que concirne á **futura Secretaría** paritaria (sede, mandato, financiamento).

En suma, a lectura da Declaración de París non aporta nada innovador no seu fundamento, se deixamos dun lado a mención dos principios xerais de igualdade, de participación e de apropiación común. Tense a sensación de que a diplomacia francesa concentrouse principalmente na celebración mesma do Cumio, a tal punto que quixo contentar todo o mundo, limando asperezas. Deste modo, a Declaración condena o terrorismo, ao que lle consagra todo un parágrafo, pero non a ocupación dos territorios. É certo que os signatarios afirman estaren decididos “*a pór fin ás ocupacións*”, pero non din explicitamente cales. Dise tamén que se “*apoia*” o Proceso de paz israelo-árabe, pero omítese a mención ao Plano Árabe de Paz, adoptado polo Cumio de Beirut en 2002 e reiterado durante o Cumio de Riad, en 2007. Para satisfacer a Turquía, a Declaración disocia a Unión para o Mediterráneo das “*negociacións de adhesión ou do proceso de pre-adhesión*”, pero sábese que os franceses fixeron esta concesión de má gana.

Noutro plano, a Declaración dedica varios parágrafos ao proceso de Barcelona e á necesidade de apoiarse no **acervo de Barcelona**. Vese nesta instancia a pegada da Comisión: trátase principalmente de non facer aparecer a Unión para o Mediterráneo como un proxecto “*concorrente*” ou “*novos*”. Agora ben, a idea dos conselleiros de Nicolás Sarkozy, e particularmente de Henri Guaino, trátase dunha “*filosofía completamente nova que consiste en substituír unha lóxica de proxectos nunha lóxica burocrática na que dispomos dun orzamento e discútense o xeito de utilizalo*”⁽¹²⁾. A crítica dos políticos europeos non é en absoluto recóndita: é moi explícita e ata audaz. É así que a UPM se apoia no acervo de Barcelona pero se trata dunha nova filosofía.

No relativo ao financiamento, a Comisión fixo valer o seu punto de vista: non está disposta a prover contribucións suplementarias aos novos proxectos, e menos aínda en “*detrimento de dotacións orzamentarias bilaterais existentes*”. Agora ben, para que serve recordar que o “*Proceso de Barcelona: Unión para o Mediterráneo*”

(12) Henri Guaino, citado por Libération, 12 de xullo de 2008.

neo” está concibido como unha “**cooperación multilateral**” que aspira a acrecentar o potencial de integración e de cohesión rexionais se, ao mesmo tempo, insistimos sobre o mantemento de “**dotacións bilaterais existentes**”?

En canto á **participación**, só Libia ten desertado, considerando o seu presidente Gadafi que a UPM fai unha división entre o Mundo Árabe e África. Vindo del, o argumento non é pertinente. En realidade, o dirixente libio non é consciente da extensión do perímetro da UPM e a súa comunitarización, pois isto significa, aos seus ollos, que Libia está constringida na aceptación do “acervo do Proceso de Barcelona”, sen ser membro adherente. A isto é necesario engadir, naturalmente, a averxión libia a todo aquilo que poida parecer unha normalización das relacións con Israel pola participación nun proxecto común.

É certo que Libia está conseguindo saír do seu ostracismo, pero a concentración de armas e proxectís en Bachar El Assad, sábese, non gustou nunca nin a Exipto nin a Xordania. Pero mentres o presidente Mubarak tivo presente, estando nomeado para o posto de co-presidente da UPM, o rei Abdalá de Xordania, preferiu delegar no seu primeiro ministro, Nader Nahabi. A ausencia do rei de Marrocos é dificilmente explicable, pois Marrocos foi máis ben favorable á UPM. Parece estar ligada ás diferenzas intermagrebís? Ou máis ben á presenza do presidente alxerino Abdelaziz Bouteflika? Ningún elemento permite, neste punto, confirmar algunha destas hipóteses.

Turquía, evidentemente, viuse na obriga de estar presente, pero unicamente tras ter garantías de emisarios franceses desprazados a Ankara de que o Proceso de pre-adhesión da Turquía está totalmente dissociado do proxecto “Unión para o Mediterráneo”.

O primeiro ministro israelí non disimulou a súa alegría de estar en París: isto permitíalle, durante algún tempo, esquecer os seus altercados coa xustiza do seu país, a raíz de varios escándalos de corrupción. Máis concretamente, a participación de Israel permitíalle, principalmente, tal como sinalan acertadamente Nathalie Nougayrède e Gilles Paris, acumular un avance diplomático “*sen facer, no entanto, ningún xesto particular no marco do proceso de paz, que está nun momento negativo, particularmente por motivo da persecución da colonización*”⁽¹³⁾.

Do lado europeo, a Comisión estaba satisfeita de ter comunitarizado unha iniciativa francesa. Nesta europeización do proxecto, o papel de Alemaña foi determinante. O tranquilo espírito combativo de Ánxela Merkel puido, finalmente, coa resistencia do presidente francés.

Pero non podemos afirmar que os outros países europeos non ribeiráns do Mediterráneo dean proba da mesma audacia. Digamos, en favor deles, que estes países séntense menos expostos ás turbulencias mediterráneas ou teñen outras prioridades. Os polacos teñen as súas miras fixadas en Ucraína, os países bálticos en

(13) NOUGAYRÈDE, N. e PARIS, G.: *Le pari proche-oriental de la France*, en *Le Monde*, 12 de xullo de 2008, páxina 2.

Rusia Occidental, e os búlgaros e romaneses no Mar Negro e o Cáucaso. De xeito xeral, tanto para os países escandinavos como para os países PECO (Europa Occidental e Central) as relacións cos veciños inmediatos (rusos, ucráinos e bielorrusos) son máis importantes que aquelas dos países mediterráneos.

Eslovenia, que acaba de conseguir a presidencia da Unión Europea, vese recompensada, xa que foi principalmente nomeada, na Declaración de París, para acoller unha “**Universidade euro-mediterránea**”. Pero, a que título? preguntáronse algúns xornais españois. Seica España non é o lugar máis idóneo para acoller tal institución, en razón da súa historia, da súa xeografía, das súas numerosas institucións especializadas e o interese académico sostido polas súas universidades arredor das temáticas mediterráneas e árabes?

En definitiva, aínda que fose cualificada de “fogos de artificio” na gloria do presidente francés, o Cumio de París non é menos que un real “éxito diplomático”. Pero, é a partir de agora cando o verdadeiro traballo comeza, e o camiño non estará cuberto de pétalos de rosa. Hai un verdadeiro risco de confusión entre unha “grande visión para o Mediterráneo” e os “grandes proxectos mediterráneos”. Evidentemente, ninguén pon en dúbida a importancia das autoestradas do mar, a explotación das enerxías renovables ou a salvagarda do medio ambiente. **Pero, se a descontaminación medioambiental é necesaria, a descontaminación “mental” é primordial.** Agora ben, após moito se ter insistido nunha Unión de proxectos, non se corre o risco de disociar o espazo económico do espazo humano? Nada ilustra mellor este risco que a cuestión do control de inmigración. En efecto, criminalizando as formas irregulares de circulación (chamadas inmigracións clandestinas) e persistindo en solicitar aos países mediterráneos axentes de policía auxiliares, o proxecto de Unión para o Mediterráneo desconsidera a cuestión humana. Peor ademais, transfórmaa en problema, eludindo así iso que Bensaad chama “*a necesidade primaria de administrar o Mediterráneo como un espazo humano común*”⁽¹⁴⁾.

Por conseguinte, **a primeira obra verdadeira da UPM debería de ser “a xestión da mobilidade humana no Mediterráneo”**, como o recorda unha Carta Aberta dun grupo de personalidades eminentes, entre as que se atopa Romano Prodi, antigo presidente da Comisión Europea; Chris Patten, antigo comisario; e Fathallah Oualou, antigo ministro marroquino. “*Os países do Norte deben comprender que esta cuestión é esencial nos países do Sur, nos que se ven con moi maos ollos as trabas á circulación en dirección a Europa, mentres que as novas políticas de «migración selectiva» veñen a privarlas das súas elites. Como falar de Unión a poboacións ás que se lles imporá ficar nos seus países? Estas poboacións necesitan estas mobilidades, sen as que a integración rexional non sería máis que unha ficción*”⁽¹⁵⁾.

(14) BENSAAAD, Ali: *Pour les Européens, s'agit-il de s'ouvrir au Sud ou de le contenir?*, Le Monde, 11 de xullo de 2008.

(15) O texto da Carta foi redactado por Akram Belkaïd e Erik Orsenna e asinado por unha vintena de personalidades: Le Monde, 11 de xullo de 2008.

O proxecto de informe da Comisión de Asuntos Exteriores do Parlamento Europeo, do 10 de setembro de 2008, volve tratar esta cuestión complexa da mobilidade, subliñando a inquietude do Parlamento Europeo “*en contra da tendencia dominante nos Estados Membros, que privilexian unha visión preocupada pola seguridade das políticas mediterráneas e, principalmente, a xestión do fenómeno da inmigración*”⁽¹⁶⁾.

A resolución dos conflitos debe ser a segunda obra a desenvolver. A integración rexional, entre veciños, esixe que se baleire a rexión de todos os abscesos de fixación que constitúen verdadeiras trabas para o traballo colectivo e a circulación de bens, de servizos, de capitais e persoas. A UE non pode contentarse con emitir desexos, con compracerse en promesas piadosas, ou simplemente con dinamizar as forzas de interposición (no Líbano) ou da policía en Rafah ou máis aló. Debe ocupar a primeira plana e, desde a instalación do novo presidente americano (xaneiro de 2009), convocar, co Cuarteto, unha conferencia de paz sobre Oriente Próximo tomando como base o Plano de Paz árabe ao que todo o mundo (sen considerar Israel) recoñece a súa audacia, realismo e xenerosidade. É de feito máis urxente agora que o soño de Annapolis que se evaporou.

As negociacións indirectas entre Israel e Siria, a tregua entre Hamas e Israel, e a calma na fronte libanesa son as xanelas da oportunidade^(*). É necesario aproveitar o momento para terminar así cun conflito que non soamente afecta a rexión senón que tamén estrutura a relación entre Europa e os países árabes. Comprende a seguridade da rexión e a do Mediterráneo e Europa. A Carta Aberta, citada máis arriba, afirmao de modo claro: “... *Aquilo que ameaza Europa, non son os pobres, senón aqueles que foron humillados, os excluídos do dereito e do desenvolvemento*”. Agora ben, a Faixa de Gaza, a persecución da colonización de Cisjordania e dos Altos do Golán, e a construción dun Muro de 700 km que destripa Palestina, non soamente embaza a imaxe de Israel no mundo, senón que lanza un pano de dúbidas sobre a coherencia, a credibilidade e a eficacia da mesma Política Exterior Común da UE.

A solución do conflito israelo-árabe non vai, por milagre, resolver, ela soa, todos os pantanos do fundamentalismo, do radicalismo, ata do terrorismo. Pero contribuirá, seguramente, a reducir a atracción dos movementos radicais e a súa capacidade de recrutamento, e a apaciguar as relacións entre árabes e europeos, entre as sociedades musulmáns e as de Occidente. Indirectamente, a solución deste conflito maior produciría un gran efecto de demostración que podería poñer en marcha un círculo virtuoso e axudar á solución doutros problemas menos espiñosos, como os de Chipre ou o Sahara Occidental.

Se tiven que tratar con moitísimo coidado estas dúas obras prioritarias para a UPM, a saber, a xestión humana da mobilidade e a regulación dos conflitos, non

(16) Relatorio de Pasqualina Napolitano: *Projet de Rapport sur les relations entre l'Union européenne et les pays méditerranéens* (2008/2231(INI)).

(*) Este artigo foi escrito antes da actual invasión israelí.

minimizo en absoluto a **importancia da obra educativa**. Pero considero que é unha cuestión que depende esencialmente da responsabilidade dos países do sur. E, en verdade, os notables progresos serán gravados tanto no Magreb como no Mashrek.

Pero a situación entre países é contrastada e son necesarios esforzos suplementares⁽¹⁷⁾ para reducir as taxas de analfabetismo (principalmente en Marrocos e en Exipto), aumentar a educación das mulleres, mellorar o nivel de ensino, ofrecer unha formación que responda as necesidades do mercado e realzar a calidade do ensino e a investigación.

Neste nivel, a contribución da UPM pode ser necesaria, mesmo urxente. Non se trata só de crear unha Universidade euro-mediterránea, senón tamén de multiplicar os irmanamentos de escolas, universidades, laboratorios, centros especializados de investigación e Grandes Escolas^(*). Todo iso precisa da facilitación da mobilidade estudiantil, así como de investigadores e profesores, a concesión de bolsas de perfeccionamento, a promoción de programas de intercambios e a creación de bibliotecas especializadas.

Estas propostas non constrúen en absoluto “alternativas” ás grandes obras do Mediterráneo, senón máis ben o “biocarburente” destinado a humanizar as relacións Norte-Sur, para responder ás esixencias da convivencia.

Así, e ao contrario das Casandras, a UPM pode abrir un novo capítulo en relacións euro-mediterráneas e ata euro-árabes. Pero máis aló da cuestión do financiamento dos proxectos evocados aquí, está a vontade política que é imprescindible mobilizar para, primeiramente, superar os rancores herdados do pasado, terminar coas queixas do presente, para construír un futuro compartido.

As novas xeracións do sur do Mediterráneo, principalmente árabes, non coñeceron nin o colonialismo nin as loitas de liberación nacional (caso palestiniانو á parte): elas reclaman abertura e comprensión, máis que arrepentimento ou vinganza. Así, máis que pechar baixo chave as fronteiras e erixir muros, cada vez máis altos, ***non será o momento de multiplicar as pasarelas? É isto ao que a UPM debe dedicarse: a historia esíxeo, a xeografía impono, e o porvir reclámao.***

Bichara Khader é director do Centro de Estudos e Investigacións sobre o Mundo Árabe Contemporáneo na Universidade Católica de Lovaina (Bélxica).

(17) United Nations and the Arab League: *The millennium development goals in the Arab Region 2007: a youth lens*, ESCWA, Beyrouth, 2007.

(*) N.d.T: Grandes Escolas ao estilo das “Grands Écoles” francesas ou belgas, que son Centros Universitarios Superiores.